

Convocatoria

Asemblea xeral ordinaria 2025 da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Venres **23 de maio de 2025** –10:00 horas en primeira convocatoria, **10:30 horas** en segunda.
Sala Eisenman da Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

A Presidenta da **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor, procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria de EspazoCoop, o venres **23 de maio de 2025** en **Santiago de Compostela**, na sala Eisenman da Cidade da Cultura. Sendo a primeira convocatoria ás 10:00 h. e a segunda ás **10:30 h.**

Orde do Día:

1. **Memoria Social e Balance Social do exercicio 2024.**
Informe das actividades realizadas e dos resultados acadados.
2. **Informe de ingresos e gastos do exercicio 2024.**
Presentación das contas e lectura ao Informe de auditoría emitido por A3M Consultores.
3. **Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2024 e da distribución de resultados.**
Sometese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente.
4. **Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, do exercicio 2025: actuacións e orzamento.**
Proposta de actividades a realizar e proxecto de orzamentos, para este ano.
5. **Cota asociativa, para 2025.**
Proposta de actualización da cota asociativa para 2025.
6. **Modificación de Estatutos Sociais**
Proposta de revisión.
7. **Elección das persoas que asinarán a acta**
Tres persoas presentes na asemblea, deben asinar a acta, xunto coa presidenta e secretario da mesma.
8. **Rogos e preguntas**

Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2025.



Asdo. Ana Oliveira Blanco

A partir das 12:00h homenaxearemos a cooperativas con máis de 20 anos de traxectoria e celebraremos o **Ano Internacional das Cooperativas 2025**. Compartiremos un petisco antes de marchar.

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **INSCRIBIRSE**, no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado con esta convocatoria.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...) É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

- 1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.
- 2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsable da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.